

AS AXENDAS 21 LOCAIS EN GALICIA



FEDERACIÓN ECOLOXISTA GALEGA (FEG)

Xaneiro 2005

Antecedentes: ¿como se conformaron os procesos de Axenda 21 local?

No ano 1972 celebrouse o chamado Cumio de Estocolmo (Conferencia sobre o Medio Humano das Nacións Unidas), co que se puxo en marcha o PNUMA (Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente). O obxectivo básico desta conferencia foi o de elaborar estratexias e propor medidas que permitisen deter (e mesmo invertir) os efectos da degradación ambiental, fomentando en todos os países un desenvolvemento sostíbel e racional.

Un dos seus principais méritos foi o de marcar a transición entre dous modelos de desenvolvemento: un anterior practicamente destinado a promover o crecemento económico e unha nova concepción na que se pretenden integrar como pautas de desenvolvemento a xestión racional dos recursos naturais e a protección do medio ambiente.

O concepto de desenvolvemento sostíbel apareceu a finais dos anos oitenta, co traballo da “Comisión Mundial para o Medio Ambiente e o Desenvolvemento” da ONU. A primeira definición coñecida inclúese no seu informe (Informe Brundtland ou O noso futuro común, ano 1987): “o desenvolvemento que satisface as necesidades do presente sen comprometer a capacidade das xeracións futuras de satisfaceren as súas necesidades”.

O movemento cara a sostibilidade local inicia a súa andadura a partir do Cumio do Rio (Conferencia das Nacións Unidas sobre medio ambiente e desenvolvemento, Rio de Janeiro, 1992), aínda que existen experiencias anteriores (a cidade de Seattle inicia un programa no ano 1990).

Produto deste encontro é o Programa 21 ou Axenda 21, un documento no que se propón desenvolver un Plan de Acción para afrontar o reto da sostibilidade, a través tanto das políticas gobernamentais como da sociedade civil.

Xa no ámbito das actuacións a nivel local, un momento clave é a celebración da I Conferencia europea sobre cidades e poboacións sostíbeis, organizada no ano 1994 pola Comisión Europea, o ICLEI (Consello Internacional para as Iniciativas Locais Medioambientais) e a cidade dinamarquesa de Aalborg. As principais aportacións deste encontro foron a creación da Campaña europea de cidades e poboacións sostíbeis e a aprobación da Carta de Aalborg, asinada en primeira instancia por 80 cidades e municipios. A Carta de Aalborg fai protagonistas aos municipios, e máis concretamente aos seus habitantes e representantes. Entre os seus fins destacan os seguintes: unha maior xustiza social, unha economía viábel e a sostibilidade ambiental.

A II Conferencia europea sobre cidades e poboacións sostíbeis celebrouse en Lisboa, no ano 1996, contando coa participación de máis de mil representantes de autoridades rexionais e locais. Como resultado desta conferencia publicouse o Plan de Lisboa: da Carta á Acción, un paso adiante na concreción de propostas e do calendario para levalas a cabo, orientando e concretando os principios da Carta de Aalborg e incluíndo propostas metodolóxicas contrastadas.

A III Conferencia europea sobre cidades e poboacións sostíbeis celebrouse en Hannover, no 2000, adoptándose a Declaración de Hannover dos líderes municipais no umbral do século XXI, onde – entre outras cousas- concréntanse principios e valores para accións locais sostíbeis e resáltase a responsabilidade dos concellos nestes procesos.

No mes de xuño de 2004 celebrouse o encontro Aalborg+10. Elaborouse un novo documento, chamado Os compromisos de Aalborg. Nos seus dez apartados propóñense obxectivos máis concretos. Os apartados son: “formas de goberno”, “xestión municipal cara a sostibilidade”, “bens culturais comúns”, “consumo e formas de vida responsábeis”, “planificación e deseño urbanístico”, “mellor mobilidade e redución do tráfico”, “acción local para a saúde”, “economía local viva e sostíbel”, “igualdade e xustiza social” e “do local ao global”).

A Axenda 21 Local en Galicia

Primeiras iniciativas: A Coruña, Santiago, Salnés

No ano 2000 puxéronse en marcha as primeiras A21L en Galicia. O primeiro municipio no que se asinou a Carta de Aalborg foi A Coruña. Este feito foi simbólico, pois a posta en marcha real do proceso non se fixo efectiva até bastante tempo despois. Na Coruña aínda non se creou ningún foro de participación nin se fixeron públicos, adecuadamente, os resultados da auditoría ambiental, a pesar de que o estudo xa debeu concluír hai meses.

O primeiro concello que iniciou realmente unha A21L foi o de Santiago de Compostela, elaborando o diagnóstico (mediante a realización da auditoría ambiental), facendo unha rolda de consultas aos principais axentes sociais do municipio e creando un Consello Local de Medio Ambiente (órgano que pasou por unha longa etapa de inactividade, tras o pasado cambio de goberno municipal, e que semella se vai activar novamente). O proceso de Santiago integrouse no ano 2003 no proxecto do Eixo Atlántico.

Pouco despois, promoveuse unha iniciativa por parte da *Mancomunidade de Municipios do Salnés* e a *Fundación para o Desenvolvemento Comarcal do Salnés*, co fin de implantar unha A21L nos nove concellos do Salnés (esta iniciativa integrouse posteriormente no Programa Piloto promovido pola Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia).

A Federación Ecoloxista Galega (FEG) foi das primeiras entidades en contribuír ao desenvolvemento da A21L no noso país. En marzo de 2000 divulgou un informe sobre a A21L. Posteriormente, mantivo entrevistas coas Concellerías de Medio Ambiente das principais cidades galegas para as animar a impulsar procesos de Axenda 21 Local (A21L).

Iniciativas da Consellería de Medio Ambiente: Programa Piloto e axudas

Na primavera de 2002, o Centro de Desenvolvemento Sostíbel (CDS) da Consellaría de Medio Ambiente da Xunta de Galicia organizou unhas xornadas informativas sobre as A21L, en colaboración coas Deputacións Provinciais. Algúns dos concellos participantes solicitaron axuda para comezar a implantar as súas axendas.

Formulouse, por parte dos responsábeis do CDS, un Programa Piloto para promover a implantación da A21L nos concellos interesados nese momento, mediante o establecemento de convenios de colaboración específicos. Así, estes concellos recibiron axuda económica para a realización dunha auditoría ambiental no municipio (o 70% do total do orzamento) e mais asesoría técnica (para a elaboración das bases e para a valoración das propostas presentadas polas empresas aos

concursos públicos). O modelo de A21L que se propuxo é moi semellante ao desenvolvido pola *Diputació de Barcelona* na súa *Xarxa* (“Rede de municipios”).

As os concellos e mancomunidades beneficiarios deste programa foron:

- Provincia de A Coruña: Curtis e Mancomunidade de Ordes (que agrupa aos concellos de Cerceda, Frades, Mesía, Ordes, Oroso, Tordoia e Trazo).
- Provincia de Lugo: Burela, Ribadeo e Viveiro.
- Provincia de Ourense: Arnoia.
- Provincia de Pontevedra: Mondariz-Balneario e Mancomunidades do Salnés (Cambados, Meaño, Meis, O Grove, Illa de Arousa, Ribadumia, Sanxenxo, Vilagarcía e Vilanova de Arousa). A Mancomunidade solicitou a inclusión neste programa logo de ter iniciado o proceso por conta propia.

Que saibamos, a avaliación final deste programa non foi realizado aínda por parte da Consellería de Medio Ambiente. Pola información da que dispomos, podemos destacar algúns feitos.

- ✓ O estado de aplicación é moi diferente entre Concellos: algunhas entidades xa elaboraron o Plan de Acción (Mancomunidade do Salnés, Ribadeo), outras aínda están realizando a auditoría ambiental (Viveiro, Arnoia) e mesmo hai concellos que están en estado de prediagnose e contactos previos cos representantes sociais (algúns da Mancomunidade de Ordes).
- ✓ A participación está sendo moi desigual, variando moito entre aqueles concellos onde se considera que foi alta -Burela, por exemplo-, algúns con participación aceptábel –Curtis, entre outros- e outros onde se descoidou completamente este aspecto –como Arnoia-. Nalgúns casos, a falta de experiencia dos colectivos na participación en procesos deste tipo está dificultando a laboura dos técnicos municipais ou das empresas encargadas da realización de traballos para os concellos.
- ✓ A implicación dos representantes políticos é, en xeral, escasa. Existen casos nos que a implicación institucional foi fundamental para poñer a andar o proxecto (como nos casos de Curtis e de Burela), pero en moitos casos o desinterese de alcaldes e/ou concelleiros constitúe un obstáculo para unha aplicación efectiva (é o caso de Arnoia ou de algúns concellos da Mancomunidade de Ordes).

O 6 de febreiro de 2004 a Consellería de Medio Ambiente publicou no Diario Oficial de Galicia unha orde (orde do 28 de xaneiro de 2004) pola que se regulan axudas económicas destinadas ás entidades locais para a implantación da A21L nos seus territorios. Esta iniciativa creou moitísimas expectativas: 110 concellos presentaron propostas (case todas moi pouco desenvolvidas) para poder obter subvencións.

A dotación económica desta convocatoria de axudas foi moi reducida. Tan só 370.000 euros a repartir en dúas anualidades (anos 2004 e 2005). Unido isto ao feito de que non se estableceron criterios de exclusión, o resultado é que a contía de cada axuda foi de 2.400 euros, unha insignificante

axuda, coa que os municipios non poderán asumir o custo económico da auditoría ambiental (que se eleva habitualmente a varias decenas de miles de euros). Agardemos que isto non sexa contraproducente e que moitos municipios non abandonen a idea de iniciaren nun futuro próximo o proceso das súas axendas.

A decembro de 2004, varios concellos puxeran en marcha os seus proxectos como consecuencia da obtención destas axudas. Na actualidade, atópanse na etapa inicial, comezando a realizar as auditorías ambientais. Son os seguintes:

- Provincia da Coruña: Mancomunidade de Arousa-Norte (que agrupa aos concellos de Riveira, A Pobra do Caramiñal, Boiro e Rianxo) e concello de Ames.
- Provincia de Ourense: concellos da Mancomunidade da Limia.
- Provincia de Pontevedra: concellos da comarca de Pontevedra (Poio, Barro, Vilaboa e Pontecaldelas).

O proxecto do Eixo Atlántico

O *Eixo Atlántico* é unha organización supramunicipal da que forman parte 9 concellos do norte de Portugal e os concellos das 9 principais cidades galegas (A Coruña, Ferrol, Lugo, Monforte de Lemos, Ourense, Pontevedra, Santiago, Vigo e Vilagarcía de Arousa).

No ano 2003 esta entidade presentou unha proposta para a implantación de A21L no ámbito da iniciativa da Unión Europea *INTERREG*, que financia proxectos de carácter transfronteirizo. Deste proxecto podemos salientar os seguintes aspectos:

- A *Xunta* e a *Região Norte de Portugal* figuran como entidades colaboradoras, participando nos órganos de representación e aportando axuda financeira.
- O orzamento é de 2,5 millóns de euros.
- Os concellos de Vilagarcía e de Pontevedra desligáronse por razóns diversas: o primeiro por participar do “Programa Piloto” da Xunta e o segundo por querer licitar simultaneamente o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) e a A21L.
- Constituíronse dous equipos, coordinados ambos por persoal da empresa Sondaxe (un equipo en Portugal e outro en Galicia).
- Un feito interesante foi o de encargar a empresas de ámbitos (e con traxectorias e experiencias) diferentes o traballo en dous niveis: por un lado, a realización das diagnoses –coa realización das auditorías ambientais- e, polo outro, a posta en marcha e a dinamización dos procesos de participación cidadá.
- O proxecto foi deseñado para realizar dúas labouras paralelamente: a implantación da Axenda 21 Local e o cálculo dos indicadores do “Urban Audit”.

- O proceso de participación estrutúrase en diferentes etapas, creando 3 órganos:
 - I. “Comisión Política”, con 1 representante de cada grupo do goberno local.
 - II. “Comité Interdepartamental”, con técnicos dos diferentes departamentos do concello.
 - III. “Foros de participación cidadá”, con representantes dos colectivos sociais.
- Segundo responsábeis da empresa Sondaxe, este proxecto concíbese como un proceso de capacitación dos responsábeis dos concellos e dos representantes dos colectivos sociais, así como de dinamización e fortalecemento do propio tecido social, de tal xeito que se sintan capacitados para pór en marcha o seu propio proceso cara a sostibilidade e continuo con certas garantías.

A decembro de 2004, podemos aportar algúns datos sobre o desenvolvemento desta iniciativa:

-O traballo na realización das diagnoses acumula un considerábel atraso. Segundo algunhas informacións, as conclusións presentadas inicialmente non acadaban, tecnicamente, o nivel de calidade requirido, co que se deberon reelaborar, reforzando algúns aspectos). Orixinalmente prevíase rematar todo o proceso a finais de 2004.

-Como consecuencia disto, a fase de participación atópase nun momento de “impás”, á espera de que os participantes nos foros poidan traballar cos datos e as conclusións obtidas nas auditorías ambientais.

-A participación ten sido desigual nos diferentes foros. Non hai aínda valoracións concretas (realizáronse 2 ou 3 xuntanzas segundo a localidade, a vindeira esperábase convocarse para xaneiro de 2005).

-Prevese comezar coas valoracións das auditorías en xaneiro de 2005 para, entre xaneiro e abril, elaborar os Plans de Acción, que serían presentados en maio / xuño dese ano.

Outras iniciativas

Temos coñecemento de que, alén dos xa referidos, outros concellos están desenvolvendo iniciativas pola súa conta, como por exemplo Culleredo, Arteixo e Redondela. É probábel que nalgún caso non se trate realmente de A21L propiamente ditas, senón máis ben de actividades ou campañas puntuais, denominadas conxuntamente baixo este epígrafe.

A participación nas A21L galegas

É necesario desenvolver fórmulas de participación na elaboración e aplicación da política ambiental municipal (creando foros de participación, consellos locais, comisións de traballo específicas, sesións de portas abertas, etc.).

Até agora, o balanço sobre as dinámicas de participación social que se teñen formulado é (salvo casos illados) bastante negativo. Fixéronse propostas diferentes, con resultados desiguais:

- Mesas de iniciativas. Na Mancomunidade do Salnés canalizouse inicialmente a participación dos axentes sociais a través da chamadas “mesas de iniciativas”, foros cun marcado carácter empresarial e sectorial e cun traballo transversal moi escaso ou inexistente. Cada unha delas conformábase arredor dun dos principios motores económicos da comarca: a pesca, a viticultura, a construción, o turismo,..., quedando un espazo para a chamada “mesa social e ambiental”. Posteriormente tense proposto a creación dun “Consello de Medio Ambiente”, con representantes dos nove concellos, sectores produtivos, asociacións, etc.
- Consellos Locais de Medio Ambiente. É o caso de Santiago. Este Consello púxose en marcha con boa disposición e traballo por parte dos representantes políticos e técnicos do Concello, pero o seu funcionamento inicial foi pouco dinámico, entorpecendo a implicación real de moitos dos axentes sociais (en parte pola falta de experiencia, a non utilización das axeitadas técnicas de dinamización e pola monopolización abusiva nas intervencións dalgúns representantes de asociacións de veciños). Como xa se expuxo, este consello parece botar a andar novamente, tras unha longa etapa de inactividade.
- Foros de participación. Nos concellos do Eixo Atlántico estanse a desenvolver “foros de participación”, que se autoorganizan en “mesas temáticas”. Preténdese que o traballo destes foros conduza cara a creación de Consellos Locais de Medio Ambiente (ou órganos similares). A modo de exemplo, indícanse as “mesas” constituídas en dúas cidades:

-Lugo: “Emprego e desenvolvemento económico”, “Ordenación do territorio”, “Participación cidadá e conciencia comunitaria”, “Servizos sociais e sanitarios” e “Medio ambiente”

-Ourense: “Medio ambiente”, “Dinamización e concienciación social”, “Ordenación territorial, urbanismo e planeamento da cidade”, “Desenvolvemento económico e emprego” e “Administración pública”.

- Participación telemática. Na Coruña, segundo as informacións dadas a colectivos ambientalistas da cidade, pensouse inicialmente en canalizar a participación mediante a creación dunha páxina web, a través da cal a cidadanía podería participar de diversos xeitos (respostando a consultas, facendo suxestións,...). Este instrumento sería interesante para complementar outros mecanismos (Consello Local de Medio Ambiente,...), mais como principal instrumento é moi pobre e moi probabelmente a participación sería moi escasa.
- En moitos concellos, sobre todo nos de zonas rurais, estase manifestando un problema: a febleza do tecido asociativo e a inexperiencia en participar en procesos deste tipo dificultan a creación de foros de participación e a implicación dos representantes dos colectivos nos mesmos. Nalgúns casos funcionan redes asociativas clientelares.

Conclusións

- O grao de implantación da A21L en Galicia é baixo. A maioría dos procesos atópanse nunha etapa inicial e están dando os primeiros pasos con lentitude.
- Algúns procesos non deberían denominarse “Axendas 21 Locais”, xa que non pasan de ser programas de actividades puntuais, nos que a participación é escasísima ou nula.
- Estanse utilizando case en exclusiva metodoloxías elaboradas para unha aplicación en ámbitos urbanos, “viciadas” *a priori* cara a unha visión urbana. A utilización destes modelos en contextos rurais (ou mixtos) dificulta enormemente unha posta en marcha efectiva das A21L. É necesario formular novos esquemas de traballo, deseñados para seren implantados en ámbitos xeográficos / sociais específicos de moitos dos nosos concellos.
- A realización de A21L no ámbito territorial das mancomunidades de municipios ten provocado, en xeral, máis prexuízos que beneficios. Aínda que teoricamente os concellos abordan un proxecto común, de cotío móstranse moi desligados e maniféstanse numerosas dificultades: falta de cohesión, intereses moi diversos, ritmos moi diferentes...
- A formación dos representantes políticos, e da poboación en xeral, en temas socioambientais é moi deficitaria. Isto dificulta notabelmente a análise rigorosa da situación socioambiental e reduce a aportación de propostas serias e viables para mellorar a situación. É fundamental que as administracións públicas invistan en programas formativos relacionados coas principais cuestións ambientais (dirixidos especificamente a decisores, a técnicos das entidades locais, a representantes dos colectivos, á poboación en xeral).
- Outro aspecto a ter en conta (relacionado directamente co anterior) é que o interese polas cuestións socioambientais é baixo entre a poboación.
- Existe unha grave carencia de cultura participativa. En xeral, o tecido asociativo é moi feble. Non existen proxectos comúns de envergadura. É necesario que as administracións desenvolvan programas de intervención sociocomunitaria, creando recursos comunitarios e promovendo a formación en habilidades sociais, xa que a falta dos mesmos pode estar na raíz do problema.
- En bastantes casos, os representantes dos colectivos non funcionan como intermediarios activos entre a Administración (ou o Consello Local / Foros de participación) e os seus representados. Alén de ofrecer canles efectivas para a participación social, os Concellos (e outras Administracións) deben favorecer o fortalecemento do tecido asociativo, básico nunca sociedade dinámica.
- Unha boa parte dos representantes políticos da Administración local no cren nos supostos formulados nas A21L:
 - O seu principal interese ten a ver con dar aos Concellos nos que gobernan unha “etiqueta de calidade”.
 - Moit@s considéranas un trámite necesario para incrementar as posibilidades de obtención de axudas procedentes de fondos europeos.

- Tamén, en moitos casos, a A21L é supeditada a outras iniciativas do Concello, como o Plano Xeral de Ordenación Municipal (PXOM). Se se concibe ben pode ser unha vantaxe, se se fai de xeito inadecuado, pode xerar un novo problema (marxinando os obxectivos propios da A21L). O ideal sería desenvolver programas de participación previa e paralelamente á elaboración dos PXOM, sempre tendo en conta as informacións e conclusións obtidas nas auditorías ambientais.
- En moitos casos, os representantes políticos non teñen interese en construír unha verdadeira democracia participativa, incluso existen evidencias do temor dalgúns alcaldes e concelleir@s a pór en marcha instrumentos que posibiliten a implicación activa das persoas (Consellos Locais de Medio Ambiente,...), xa que consideran que iso conlevaría unha perda de poder dos seus grupos de goberno. Neses casos, téntase cumprir o expediente propoñendo instrumentos onde a participación da poboación é moi pouco significativa (participación virtual a través da internet, mesas de iniciativas sectoriais,...).
- Os procesos ligados inicialmente a prazos (vinculados xeralmente a subvencións) poden provocar unha dinámica indesexábel: acabada a subvención, rematado o proceso. Tanto os representantes políticos / técnicos como os dos colectivos locais deben poñer as bases para garantir que isto non suceda.
- A participación da cidadanía desvirtuouse no inicio dalgúns procesos, ao illárense os axentes sociais e ambientais dos representantes dos principais grupos empresariais. É o que aconteceu coas “mesas de iniciativas”, unha proposta na que se imposibilitaba unha visión e funcionamento transversal -xa que cada sector traballaba sobre cuestións particulares- e a participación cidadá relegábase a un pequeno espazo onde on podían interactuar cos axentes económicos.
- Nalgúns Concellos non se puxeron en marcha procesos participativos reais: o caso máis claro é o do Concello da Coruña. Percibíronse certos cambios (tanto nos feitos coma na actitude dos representantes municipais) no primeiro semestre de 2004, logo das consultas a algúns colectivos ambientalistas e veciñais e a posta en marcha do programa piloto Barrio 21. Esperemos que desemboquen nun proceso real de procura da implicación da poboación.
- Algúns Consellos Locais de Medio Ambiente puxéronse a andar de xeito pouco dinámico, co conseguinte malestar e a desmotivación de moitos dos seus membros. É necesario empregar mecanismos e técnicas de dinamización que permitan interactuar satisfactoriamente. Ademais reúnen con pouca frecuencia, co que as aportacións son escasas e teñen pouca relevancia. Se non teñen continuidade os seus membros poden “queimarse”.
- A participación no proxecto do Eixo Atlántico varía segundo os municipios. Aínda é moi cedo para facer valoracións definitivas mais xa se poden adiantar algunhas consideracións:
 - Nalgúns concellos están a provocar un incremento significativo da implicación dos axentes sociais (provocando, ademais, un “efecto dominó”, ao poñer en contacto a colectivos que anteriormente non interactuaban).

-Unha boa parte dos participantes consideran que a formación inicial que recibiron foi insuficiente. Tamén botan en falta unha representación política real nos propios foros.

- Até o parón habido despois do verán, o proceso estaba sendo bastante acelerado e varias das mesas temáticas propostas non deron, até o momento, resultados positivos.

- A creación de “Comités Políticos” independentes doutros órganos de participación (foros, consellos locais...) posibilita que todos os grupos políticos municipais se sintan partícipes pero pode resultar contraproducente, xa que algúns representantes políticos non se implicarán nin participarán nos “Concellos Locais”, impedíndose o necesario diálogo e traballo conxunto con representantes de colectivos sociais e empresariais.
- Para a realización de auditorías ambientais (fase de diagnose) existe un grave problema de partida: grande parte dos datos necesarios para realizar os estudos non existen, son de mala calidade ou non son facilmente accesíbeis en/a través das Administracións Públicas. Destacábel, polo negativo, é o caso do Sistema de Información Territorial de Galicia (SITGA), auténtico “burato negro” de datos. Consideramos que un organismo semellante debería pór a disposición dos Concellos (e das entidades que con eles colaboran) a información de elabora ou cando menos facilitar o acceso á mesma.
- Tamén en relación coa información dispoñíbel, pódese constatar que os datos son insuficientes (ou de pouca calidade), a moitos niveis. Ahí algúns exemplos:
 - Datos sobre augas.
 - Estatísticas actualizadas sobre produción e xestión de residuos.
 - A penas se pode obter información sobre consumo enerxético.
 - Moi deficitaria a información existente sobre infraestruturas locais (por exemplo, a dispoñíbel a través da Enquisa sobre Infraestruturas e Equipamentos Locais).
 - Practicamente non hai estatísticas dos sectores agrícola e gandeiro a nivel municipal.
- As partidas orzamentarias destinadas á implantación das A21L son moi insuficientes. É necesario maior apoio de institucións como a Xunta ou as Deputacións e maior compromiso dos Concellos, para dispor dos recursos económicos e humanos que se necesitan.
- Algunhas iniciativas positivas, como a orde de axudas da Consellería de Medio Ambiente, deben ser lanzadas contando cunha maior dotación orzamentaria, para evitar que os concellos (logo de crearse moitas expectativas) se desencanten perante a imposibilidade de iniciaren os seus proxectos por falta de fondos económicos.
- As axudas económicas ás que poden acceder os concellos van destinadas á contratación de asistencias técnicas externas e para a realización conxunta das fases de “diagnose”, “plan de participación” e “plan de acción local”, nun prazo de entre 9 meses e 1 ano. Este período de tempo é claramente insuficiente, co que debería ser ampliado. Consideramos que sería máis lóxico e operativo licitar e adxudicar cada unha das fases por separado.
- O persoal técnico das administracións destinado a promover estes proxectos é claramente insuficiente, tanto a nivel autonómico como municipal. Nun momento inicial de desenvolvemento das A21L en Galicia é necesario contar cun mínimo de recursos, co fin de que

estes programas nazan con forza e poidan ir estendéndose á totalidade dos concellos. As administracións deben facer un esforzo na contratación de novo persoal técnico debidamente cualificado. Por exemplo, na Consellería de Medio Ambiente só dous técnicos, e non a tempo completo, traballan na promoción da A21L.

- É necesario que outras administracións locais se impliquen con seriedade (tanto a nivel económico como con colaboracións técnicas): a participación das Deputacións Provinciais e da FEGAMP (Federación Galega de Municipios e Provincias) é claramente insuficiente, limitándose a algunhas actividades informativas e á aparición en actos de carácter político.
- É fundamental que se poñan en marcha pautas de traballo transversal entre os diferentes departamentos da Xunta de Galicia, en relación a proxectos de sostibilidade, e instrumentos que permitan garantir a necesaria coordinación. Así, poderanse conectar aspectos comúns aplicados na actualidade a través de liñas de traballo diferentes (como por exemplo as A21L e os estudos de sostibilidade, requisito imprescindible para os Plans Xerais de Ordenamento Municipal).
- Un dos primeiros momentos críticos das axendas que están en marcha será o que veña inmediatamente despois da elaboración dos Plans de Acción Ambiental (chamados ás veces Plans de Acción Local): cómpre que os grupos de goberno os asuman e desenvolvan as iniciativas programadas. Agardamos que estas sexan concretas e que se especifique cáal é o orzamento e a fonte de ingresos para as diferentes accións.

Ligazóns recomendadas

Axenda 21

<http://www.rolac.unep.mx/agenda21/esp/ag21inde.htm>

Un dos lugares onde podemos consultar, en español, a densísima *Axenda 21*, elaborada na Conferencia do Rio de Janeiro de 92. O capítulo 28 está adicado ás autoridades locais: nel fanse propostas que foron concretándose en eventos posteriores.

<http://web.jet.es/feg/documentos.html>

A Federación Ecoloxista Galega elaborou en 2000 un informe sobre as A21L.

“A axenda 21 local. Informe da FEG sobre este instrumento para o desenvolvemento sustentábel local”.

Anexos: Carta de Aalborg (traducida ó galego). Os consellos municipais de medio ambiente.

Biblioteca “CIUDADES PARA UN FUTURO MÁS SOSTENIBLE”

<http://habitat.aq.upm.es/>

Nela dispoñemos de documentación sobre experiencias tendentes á sostibilidade en diversos territorios. Ofrece artigos, informes e reflexións teóricas sobre o estado actual das cidades, formulando alternativas. Inclúe catálogos de boas prácticas (recollendo as presentadas a diversos concursos nacionais e internacionais, seleccionadas polo *Comité Hábitat Español*), clasificados por áreas temáticas (desenvolvemento territorial e urbano sostíbel; vivenda; xénero e loita contra a exclusión social; xestión sostíbel dos recursos naturais; cidade e entorno natural; transporte e accesibilidade; gobernabilidade urbana). Merece a pena botarlle un ollo aos boletíns trimestrais. O enlace “internet” dá acceso a unha interesante búsqueda de recursos, con fichas informativas sobre moitas páxinas.

Campaña europea de cidades e poboacións sostíbeis.

<http://www.sustainable-cities.org/>

Campaña promovida pola Comisión Europea á que se sumaron concellos de toda Europa. En inglés.

ICLEI

<http://www.iclei.org/cities21/>

<http://www3.iclei.org/lacs/index.htm>

O ICLEI é unha asociación internacional de gobernos locais. A meirande parte da información está en inglés. No segundo enderezo podemos acceder a información en español e en portugués.

<http://www.aalborgplus10.dk/>

Información, en inglés, sobre a “Conferencia de Aalborg + 10”, celebrada en xuño deste ano. Revisión das liñas de traballo propostas na cidade dinamarquesa no ano 1994, xuntanza que concluíra coa elaboración da famosa “Carta de Aalborg”.

Federación Española de Municipios e Provincias.

<http://www.femp.es/life/html/agenda00.html>

A FEMP elaborou unha metodoloxía propia a través dun proxecto LIFE. Neste enderezo podemos coñecela e tamén podemos descargar o documento “Código de buenas prácticas ambientais”.

Axendas 21 locais en Galicia

<http://www.xunta.es/conselle/cma/cds.htm>

No apartado “Promoción do desenvolvemento sostible” obteremos algunha información sobre o proxecto piloto para a implantación de A21L da Xunta de Galicia.

<http://www.csc.uvigo.es/PONENCIARIBADEO.pdf>

Breve información sobre o proceso en Ribadeo.

<http://www.eixoatlantico.com/gal/home.htm>

Informacións sobre os concellos (9 galegos, 9 da *Região Norte* de Portugal) incluídos neste organismo supramunicipal.

Axendas 21 locais no Estado español

Xarxa de ciutats i pobles cap a la sostenibilitat.

<http://www.diba.es/xarxasost/cat/index.asp>

En catalán. *A rede de cidades e pobos cara a sostibilidade*, creada pola Diputació de Barcelona, é unha das primeiras e principais iniciativas de promoción de Axendas 21 locais do Estado español. Bastantes dos proxectos galegos copiaron / adaptaron a súa metodoloxía.

Fundación DEYNA

<http://www.deyna.com/cast/agenda21.htm>

Esta fundación desenvolveu unha metodoloxía propia, aplicada inicialmente en municipios de Soria.

Diputación de Córdoba

<http://www.dipucordoba.es/agenda21/>

Gobierno Vasco

http://www.euskadi.net/vima_sostenibilidad_local/ag21_indice_c.htm

Governo da Rioxa

http://www.larioja.org/ma/agenda21local/principal_agenda21.htm

Hai moitos procesos municipais interesantes; algúns deles son os de **Granada, Vitoria-Gasteiz, Zaragoza e Barcelona**. Entre outras cousas, podemos consultar e baixar documentos sobre a participación da cidadanía, auditorías ambientais, plans de acción ambiental e outros programas estratéxicos.

<http://www.granada.org/ambiente.nsf/Gran?OpenNavigator>

<http://www.vitoria-gasteiz.org/ceac/agenda21/default.htm>

<http://www.zaragoza.es/medioambiente/>

<http://www.bcn.es/agenda21/>

Bibliografía de referencia

Carta das cidades europeas cara a sostibilidade (Carta de Aalborg). Aprobada polos participantes na I Conferencia sobre Cidades e Poboacións Sostibles celebrada e Aalborg, Dinamarca, o 27 de maio de 1.994.

Conceptos e instrumentos para a sostibilidade local. Roberto Bermejo e Álvaro Nebreda. Cuadernos Bakeaz “economía y ecología”, nº 26.

Declaración de Hannover dos líderes municipais no umbral do século XXI. Aprobada polos participantes na III Conferencia sobre Cidades e Poboacións Sostibles, celebrada en Hannover en febreiro de 2.000.

Guía Europea para a Planificación das Axendas 21 Locais. ICLEI (Consello Internacional para as Iniciativas Locais Medioambientais). (Traducción da Xunta de Galicia).

Para vivir ben nós e as xeracións futuras. Guía para participar na aplicación da Axenda 21 Local (1999). M^a Angels Alió e Martí Olivella. Diputació de Barcelona.

Plan de Lisboa: da Carta á Acción. Suscrita polos participantes na II Conferencia sobre Cidades e Poboacións Sostibles, en Lisboa no ano 1.996.

Local y sostenible. La Agenda 21 Local en España. Nuria Font e Joan Subirats (eds.). Editorial Icaria.